

## ANEXO I

### LVII TROFEO “JOAQUÍN ROMERO”

O **LVII TROFEO “JOAQUÍN ROMERO”**, é unha proba popular de campo a través, organizada pola Concellería de Deportes do Concello de Ferrol e co control técnico da Delegación en Ferrol da Federación Galega de Atletismo. Terá lugar o **sábado 3 de febreiro de 2024** a partir das 10.30 h da mañá no lugar das Cabazas<sup>1</sup>. A proba está suxeita ás normas da F.G. A e R.F.E.A

**Art.1.-** As probas estarán abertas a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Establécense as mesmas categorías segundo regulamentos WA, RFEA, FGA e, con carácter de promoción engádese a categoría peques.

| LVII Trofeo Joaquin Romero de cross. VIII Memorial |                                      |
|--|--------------------------------------|
| Sub 20:  | Nacidos/as no ano 2005 e 2006        |
| Sub 23:  | Nacidos/as no ano 2004 – 2003 - 2002 |
| Sénior   | Nacidos/as no ano 2001 ata o 1989    |
| Master A   | Nacidos/as en 1988 ata 1983          |
| Master B   | Nacidos/as en 1982 ata 1974          |
| Master C   | Nacidos/as en 1973 ata 1964          |
| Master D   | Nacidos/as 1963 e anteriores         |

| LVII Trofeo Joaquin Romero de cross. VIII Memorial |                               |
|--|-------------------------------|
| CATEGORÍA DE MENORES                               |                               |
| Sub 18   | Nacidos/as no 2008 - 2007     |
| Sub 16   | Nacidos/as no 2010 - 2009     |
| Sub 14   | Nacidos/as no 2012 - 2011     |
| Sub 12   | Nacidos/as no 2014 - 2013     |
| Sub 10   | Nacidos/as no 2016 - 2015     |
| Sub 8  | Nacidos/as 2017 – 2018 - 2019 |
| Peques   | Posteriores                   |

<sup>1</sup> Suxeito o estado do terreo.

**Art 2.- INSCRIPCIÓN E RETIRADA DE CHIPS E DORSAIS.** As inscricións poderán efectuarse **a partir do día 16 de xaneiro ata as 22:00 horas do día 31 xaneiro de novembro a través da páxina web. carreirasgalegas.** Non se admitirá outra vía de inscrición que a sinalada anteriormente.

Os dorsais retiraranse o venres 2 de 16:30 a 20:30 horas no Pavillón de A Malata e o sábado 3 dende as 9:00 horas ata 10 minutos antes de cada proba na carpa de organización.

**Art 3.- PREMIOS.** A organización premiará as tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría das absolutas e menores agás a categoría peques. A entrega de trofeos realizarase unha vez pechado o control de meta.

**Art 4.- CIRCUITO E HORARIOS.-** A proba discorrerá por un circuíto de acordo co plano deseñado.

| Hora  | Categoría  | Distancia             |
|-------|--|-----------------------|
| 10:00 | Master, Senior; Sub 23; Sub 20 ;<br>Masculino e Feminino | 6.000 m.apr. 3 C      |
| 10:40 | Sub 18 masculino e feminino                              | 4.500 m. Apr. 1A + 2C |
| 11:05 | Sub 16 masculino e feminino                              | 3.000 m. apr.         |
| 11:25 | Sub 14 masculino e feminino                              | 2.000 m. Apr. 2B      |
| 11:40 | Sub 12 masculino e feminino                              | 1.000 m. apr. 1B      |
| 11:50 | Sub 10 masculino e feminino                              | 500 m. apr. 1A        |
| 12:00 | Sub 8 Masculino e feminino                               | 200 m. Apr. 1D        |
| 12:10 | Peques   | 50 m Apr.             |



**Art. 6.-** Serán motivos de descualificacións os seguintes:

- 6.1.- Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descualificación dos corredores que a infrinxiran. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que contarán con roupa apropiada e visible.
- 6.2.- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súas extensión (no peito durante todo o recorrido) ata a súa entrada en meta.
- 6.3.- Participar con un dorsal que corresponde a outro corredor
- 6.4.- Non realizar o percorrido da carreira completo.
- 6.5.- Non pasar polos controis de carreira establecidos.
- 6.6.- Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
- 6.7.- Non atender as indicacións dos membros da organización e dos xuíces.
- 6.8.- Participar na carreira sen terse inscrito previamente.

- 6.9.- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- 6.10.- Manter unha actitude groseira, violenta ou que en xeral atente co espírito deportivo da proba.
- 6.11.- Aquela conduta que sexa estimada antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión da carreira.
- 6.12.- Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo da organización poda se considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria
- 6.13.- Ser reincidente en algunha infracción de descualificación de carreira.
- 6.14.- Ningún/ha atleta federado/a poderá competir con outro club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o/a atleta será descualificado/a automaticamente
- 6.15.- A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces, que establecerá os correspondentes controis ao longo do circuíto.

**Art. 7.** A organización poderá modificar este regulamento ou o circuíto polo que discurrirá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

**Art 8.-** Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou a Internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade.

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido a Concellería de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

**Art. 9.-** Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento.

**Art. 10.-** A Organización ten subscrito un seguro colectivo de accidentes e responsabilidade civil. De todos os xeitos, a Organización recoméndalles aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento

médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición

**Art 11.-** As reclamacións relativas a clasificación faranse verbalmente antes dos 30 minutos posteriores de facerse publico o Xuíz Árbitro ou na secretaría da competición, sendo o Xuíz árbitro o encargado de resolvelas. Para todo o non previsto neste regulamento, resolverase conforme as normas da F.G.A ; R.F.E.A e a WA por este orden.

**Art. 12** - Non se disporá de servizo de consigna nin de duchas.